

Desta sorte os que defraudan
poden encher os bandullos
pois o xefe da facenda
legalízalle os chanchullos.

É un segredo de Estado
a lista de amnistiados
os xornais xa dan cifras
dos políticos pringados.

Tivo cambio de imaxe
o pesoe estatal
as enquisas non lle outorgan
un despegue electoral.

Entre Susana e Pedro
buscan novo liderato
din que haberá liortas
para elixir candidato.

Podemos ou non podemos
iso as furnas o dirán
xa se fala que é un globo
que comeza a desinchar.

Segue sendo cuestionado
o tema da realeza
hai privilexios que á xente
non lle collen na cabeza.

Tivemos cambio de rei
abriuse unha nova etapa
non volvemos a saber
das aventuras da caza.

Tamén anda moi calado
o asunto da infanta
moitos queren que renuncie
pero ela non se marcha.

Ao ex-rei Don Xoán Carlos
sáenlle fillos arreo
e quen sabe se o seguinte
lle sairá en Ribadeo.

Cambiáronnos á ministra
para limpar a sanidade
o ébola xa se esqueceu
pero a hepatite arde.

Os enfermos de hepatite
aínda están a reclamar
que cumpran o prometido
para poder mellorar.

As mulleres xa non poden
en por elas elixir
para iso hai un goberno
que as obriga a decidir.

Os das tarxetas opacas
foron comprando e gastando
ata que os pillaron
e acabaron confesando.

Mangonea e mangonea
nada se ten aclarado
mentres todo o que roubaron
téñeno ben agochado.

Falouse moito nos medios
do pequeno Nicolás
outra historia escura
pendente de explicar.

Entramos no mes de Maio
e achéganse as votacións
as obras non se inauguran
pero fanse a mogollón.

Este ano dous mil quince
e ano de eleccións
coidadiño a quen votades
que non gañen os ladróns.

Alcaldes e alcaldesas
o futuro está por vir
pensen ben o que prometen
pois deberano cumprir.

Pola lingua que desprezan
polos cartos que roubaron
porque seguen os caciques
polo moito que enganaron.

Maiο mándalles un rogo
para arranxar a desfeita
que devolvan o de todos
e que vaian para a “trena”.

Viñemos de Campolongo
cantamos con ilusión
o porvir que agardamos
tamén depende de vós.

Ímonos a despedir
desexando boa sorte
e quen queira dirixir
que non veña con recortes.

MAIO

C.E.P. CAMPOLONGO



ANO 2015

Dámoslle a benvida ao Maio con este rexo cantar aí van as nosas coplas bicando alegres o ar.	Xa chegou a primavera e volve o cuco a cantar canta o cuco garuleiro polas veiguiñas do val.	Temos alcalde pra tempo din as xentes do lugar pois os da oposición aínda seguen a enredar.	Gana máis este nun día que mil parados nun mes quedoulles a cabeza quente ándache o mundo ao revés.	O país vai soportando o mandato popular con promesas e mentiras séguennos a defraudar.	O peor deste desastre correspóndelle ao pobre cando lle mexan por riba teñen que dicir que chove.
Volvemos á Ferraría a cumprir coa tradición despois de entoar cantigas probaremos o roscón.	Van voando os paxariños polos eidos, polos prados no lene bico do día chían ledos os paxaros.	Pola vila hai rebumbio coa planta de compostaxe Lores di que é un avance que o lixo non viaxe.	Aquí se mide un goberno con política de alturas aínda que se pase fame non chegarán as axudas.	Todo é marabilloso para os que viven ben aos pillados pola crise non os salvará ninguén.	Recortan na educación sanidade e empregos e para ternos calados recórtannos os dereitos.
Mañá primeira de Maio mañá de encanto e ledicia xa se escoita a Campolongo no idioma de Galicia.	Os nenos de Campolongo hoxe estamos moi contentos queremos que estas estrofas escoitedes moi atentos.	Tanto el coma Louzán danlle interese xeral o xuntar a porcallada é un ben medioambiental.	Lembren o que di Cáritas sobre a exclusión severa saberán como malvive moita poboación galega.	Como vén sendo costume nun ano electoral acórdanse dos votantes mirando o santoral.	Para os que sobreviven redúcenlle as prestacións teñen que encherlle o bandougo aos señores ricachóns.
Queremos que o galego medre na oralidade emporiso nós pedimos que conserve a dignidade.	Pública é a educación para formar escolares que non recúe o ministro á doutrina dos altares.	Para evitar descontentos xa están a proxectar un espazo funerario que non vai contaminar.	Non son “Poemas Galegos” como afirma o Presidente son miserias que en Galicia padece dabondo a xente.	Rezan para que se esqueza o mal que o pasamos a ver se quedan devotos e lle dan outro mandato.	E crean un paradoxo de miseria e compracencias din que a xente mellora en pobreza e carencias.
Non se muda o decreto do galego nas escolas logo falan de consenso e a lingua segue en cirolas.	O tellado da escola non aguanta as pingueiras cando chega o inverno chorrea coma as mangueiras.	E Louzán aínda di máis cando non quere falar nada lle conta á xustiza por chamalo a declarar.	Santiago foi desgobierno pero todo está atado entre catro amigotes amañaron o “tinglado”.	Queren rematar o choio de pasar todo a privado completando o saqueo ata ficar espoliados.	Cantos dereitos perdidos para nos asoballar o pobo berra nas rúas non se deixa acovardar.
Botarlle a culpa á familia pola perda de falantes non semella compromiso por parte dos gobernantes.	En canto dá en chover xa temos o chan mollado deste xeito o corredor está sempre anegado.	Goberna un dominio aberto onde se pode entrar non se explica o presidente que o queiran imputar.	Botan man de substitutos que lle sosteñen o mando mentres conforman equipo para seguir gobernando.	Obraron un gran milagre precarizando o emprego collen dous de baixo coste sacando un bo do medio.	Mariano prometeu o que non ía cumprir e os votantes cabreados acúsano de mentir.
Traemos o noso maio todo esvelto e florido ulindo a fermosura loce galán e altivo.	Volveron os do Concello a taparlle os furados pero baixan pingoadas e seguimos esvarando.	A cheirenta non se vai Moreira e o seu partido loitan pola permanencia buscando o voto perdido.	Como se nada pasara fan borrón e conta nova a ver se os cidadáns lle manteñen a poltrona.	Á sanidade tamén lle tocou modernizala antes era universal agora xa é privada.	As reformas son recortes con subidas de impostos para que ninguén proteste lei mordaza para todos.
Vén co fiúncho máis verde que puidemos atopar con ovos e con laranxas tivémolo que adornar.	Para evitar accidentes usamos o bricolaxe e colocamos sinais na pista de patinaxe.	Aínda temos Celulosas e din que non contamina aos da Xunta non lle importa que siga a bosta na ría.	Isto é pluralidade é democracia real para cambiar aos corruptos acóllense ao legal.	Eles andan moi contentos din que todo vai cambiar moitos seguen sen traballo e os de sempre a roubar.	Lei mordaza e a calar como nos tempos pasados vénlle-lo cu a carriza imos todos aviados.
Margaridas e pampullos non lle podían faltar as calas e as camelias tamén as quixo levar.	O goberno do Concello ten a cidade premiada aínda que haxa cousas que non gusten para nada.	A Xunta inverte en cultura contratando un cantante meten cartos a barullo para cousa dun instante.	O Caballero de Vigo seica é bo remitente os xornalistas preguntan el sae pola tanxente.	As listas do paro baixan con contratos á medida chámante por unhas horas e xa che arromban a vida.	Hai un ministro moi sabio que presume de xestión e ao das portas xiratorias non lle chama corrupción.
Cuberto de moitas flores enfasiado e criticón berra hoxe nesta praza fóra xa á corrupción.	Por sermos hospitalarios co que vén e co que vai agora temos un premio dos emires de Dubai.	Ao fillo de Julio Iglesias pagáronlle a factura enchéndolle ben o peto hai que ter a cara dura.	Mira para outro lado se lle falan de enchufismo e mantén o seu poder defendendo o localismo.	E os soldos que lles pagan non lle dan para comer cando miran para o prato non hai nada que lamber.	Non se lle move un pelo para subir os tributos mentres aumenta a pobreza non se sanciona aos corruptos.